

Orde do 2 de maio de 2008 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes das axudas previstas na Orde do 3 de marzo de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal, e se convocan para o ano 2008.

Mediante Orde do 3 de marzo de 2008 (DOG nº 49, do 10 de marzo), a Consellería do Medio Rural establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal de acordo co establecido no artigo 10 do Real decreto 1615/2007, do 7 de decembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal (BOE nº 304, do 20 de decembro).

No artigo 7.3º do citado real decreto dispónse que as solicitudes poderán presentarse anualmente ata o 1 de maio de cada ano, a que se reflicte na convocatoria anual establecida na Orde do 3 de marzo da Consellería do Medio Rural.

Dado que mediante Orde ARM/1221/2008, do 29 de abril, se prorroga o prazo para a presentación de solicitudes ata o 31 de maio de 2008, inclusive, cómpre ampliar o prazo de presentación das solicitudes presentadas polos beneficiarios que teñan o seu domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.L.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único:

Modifícase o artigo 18 da Orde do 3 de marzo de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras

para a concesión de subvencións para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal, e se convocan para o ano 2008, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 18º.-Prazo de presentación.

O prazo de presentación das solicitudes de axuda para o ano 2008 remata o próximo 31 de maio.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Facultade de desenvolvemento.

Facúltase o director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación desta orde.

Segunda.- Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural